# Os instrumentos na música galega

**1** **Escoita** e **escribe** o nome de cada instrumento. **Escoita** o seu son.

a

______________

b

______________

c

______________

d

______________

e

______________

f

______________

g

______________

h

______________

i

______________

j

______________

k

______________

**Tradicionais**

**Zanfona**: unha manivela move unha roda que fai soar as cordas.

**Acordeón**: instrumento de vento que se compón de fol e teclado.

**Bombo** e **tamboril**: instrumentos de percusión de parche que precisan de baquetas para ser tocados.

**Pandeireta**: instrumento de parche que cando se axita fai entrechocar unhas soanllas.

**Gaita**: un soprete introduce o aire no fol e o punteiro executa a melodía.

**Doutras culturas**

**Arpa celta**: instrumento de corda de forma triangular; as cordas son tocadas coas xemas dos dedos.

**Bodhrán**: instrumento irlandés de percusión de parche.

**Bouzouki**: instrumento de corda grego, de mastro longo e forma de pera.

**Uilleann pipes**: instrumento de vento irlandés; gaita de foles.

**Tin whistle**: instrumento de vento irlandés; aseméllase á frauta doce pero con seis furados.